



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS VINTE E CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de maio de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Luz Senra Lorenzo, D^a. Silvia Diaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel A. Pazos Barros, D^a. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia o concelleiro D. Javier Domínguez Lino; actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos e D^a. Olga Fernández Rodríguez en calidade de Interventora Municipal. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3244.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES NÚMEROS 422, 423 E 424 REALIZADAS EN SESIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIAS, OS DÍAS 28/04/2009, 11/05/2009 E 12/05/2009, RESPECTIVAMENTE.- De conformidade co disposto no artigo 91 do Rd 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria das actas das sesións realizadas con data 28/04/2009, 11/05/2009 e 12/05/2009 e do escrito da interventora emitido con data 22 de maio de 2009 no que pon de manifesto o erro de feito no acordo 3243 no ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas sobre reclamacións á RPT e orzamento de 2009 ao que procede dar lectura íntegra a secretaria xeral e que di textualmente: "Olga Fernández Rodríguez, interventora do Concello de Poio, recibido acordo 3243 da sesión extraordinaria do pleno celebrado Advertida a existencia dun erro no texto do acordo mencionado onde se expón o seguinte "Reitérase de novo pola

interventora municipal a ausencia de lexitimidade da funcionaria en base ao disposto no artigo 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais" expoñendo a funcionaria que subscribe que en ningún momento se pronunciou sobre a lexitimidade para interpoñer reclamación ao orzamento da reclamante (que en todo caso si estaría lexitimada en virtude do artigo 170.1.a) do RD 2/2004) poñendo de manifesto que unicamente esta funcionaria se pronunciou sobre o contido da reclamación (que se adxunta a este escrito) no que unicamente se fai referencia ao contido da reclamación (entendendo non se acolle a ningún dos tres supostos regulados no apartado segundo do mencionado artigo 170 polos que poden interpoñer reclamacións contra o presuposto).

Visto o exposto SOLICITA se rectifique o erro existente no acordo 3243 da sesión extraordinaria do pleno celebrada o pasado 12 de maio según o posto de manifesto".

A Corporación por unanimidade acordou aprobar as actas anteditas coa advertencia e rectificación exposto no parágrafo anterior en relación co acordo 3243 de conformidade co sinalado no art.91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dando conta á Comisión Informativa de FAcenda, Gobernación e Contas para que se rectifique igualmente o ditame emitido no sentido exposto na primeira sesión ordinaria que se celebre de confromidade co art. 126 da mesma norma regulamentaria.

3245.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario as que estiveron expostas a disposición dos concelleiros na Secretaria Xeral do Concello, xunto cos demais asuntos da orde do día.

A Corporación dáse por enterada

3246.- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ACORDOS PRECEDENTES.- Pola secretaria dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3235.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE PRÉSTAMO LONGO PRAZO PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitíronse as invitacións as distintas entidades financeiras do termo municipal e procedeuse a apertura das mesmas segundo o disposto no prego de cláusulas; 3236.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRA NUM. 4 DA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse á Consellería de Cultura e notificouse á empresa; 3237.- CONTRATACIÓN, SOLICITUDE DE PRÓRROGA EXECUCIÓN OBRAS "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á empresa; 3238.- CULTURA, PROPOSTA PARA NOMEAR A CASA DE CULTURA DE RAXÓ COMO "CASA DE CULTURA XAIME ISLA COUTO".- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse a Xaime Isla Couto, ás asociacións

interesadas e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3239.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE POIO, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POR "CONSTRUCCIONES BAMARTI, SL" E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TUÑEZ E JOSE A. HERMO TUÑEZ, ENTREGADO NO CONCELLO DE POIO O 29 DE DECEMBRO DE 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á empresa Construcciones Bamarti, SL; 3240.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRA NUM. 5 DA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse á Consellería de Cultura e notificouse á empresa; 3241.- ACTO DO SORTEO PÚBLICO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS QUE PARTICIPARÁN NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO QUE SE REALIZARÁN O DOMINGO 7 DE XUÑO DE 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos membros das mesas elixidos; 3242.-RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á interesada; 3243.- RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN AO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio da aprobación definitiva e publicouse no BOP e notificouse á interesada."

A corporación dáse por enterada.

3247.- ORDENANZA DE CREACIÓN (MODIFICACIÓN OU SUPRESIÓN) DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE POIO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, en sesión realizada o 19 de maio de 2009 e que di o que segue: "Pola secretaria dáse conta da proposta da responsable do seguimento da correcta aplicación do proceso de actualización do documento de seguridade e dos protocolos informáticos que son precisos para o pleno cumprimento polo Concello de Poio da normativa vixente en materia de protección de datos, da aprobación inicial da ordenanza de creación (mofificación ou supresión) dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Poio.

Consta no expediente informe da secretaria xeral do 15 de maio de 2009.

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao pleno a súa aprobación inicial."

Non subscitándose debate ningún a corporación por dezaseis votos a favor dos membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, o que supón a maioría absoluta acordou

Primeiro: aprobar inicialmente a ordenanza de creación (modificación ou supresión) dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Poio.

Segundo: someter o expediente a información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e

suxerencias mediante a inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia e nun diario de maior difusión da provincia; unha vez rematado dito prazo e de non presentarse reclamación ningunha entenderase definitivamente aprobada e procederáse á publicación no BOP do texto íntegro da ordenanza na forma prevista no artigo 70 da lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e 20 da lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3248.- SOLICITUDE DE PLAN CONCERTADO 2009.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi aprobado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local na súa sesión realizada o 18 de maio de 2009, acordo núm. 6622 así como do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de maio de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do acordo da Xunta de Goberno Local nº 6622 en sesión realizada o 18 de maio de 2009 sobre escrito do Centro de Servizos Sociais de 12 de maio de 2009 remitindo o expediente tramitado ó amparo da Orde de 01 de abril de 2009 (publicada no DOG. do 21 de abril de 2009) da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar Social pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais ascendendo o total do gasto previsto 450.339,86 euros, aportando o Concello 157.644,00 euros sendo a subvención solicitada de 292.695,86 euros.

Así mesmo, e de acordo co establecido no Anexo II, solicítase ao abeiro do Programa de Subvencións non periódicas para corporacións locais para "Proxectos de Desenvolvemento do Pobo Xitano" sendo o total do financiamento 88.248,04 euros correspondendo 12.000,00 euros á Corporación Local e 76.248,04 euros á Comunidade Autónoma e do informe da Intervención Municipal de data 15 de maio de 2009.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu grupo vaise abster ata o pleno xa que non puideron consultar o expediente xa que estaba cos asuntos que se ían tratar o pasado luns na Xunta de Goberno Local e ademais pregunta se no plan concertado deste ano se recolle o partida do programa ANTA.

A Sra. Interventora intervén para aclarar que este ano o programa ANTA non ten cobertura no plan concertado xa que o servizo foi suprimido e agora é asumido e xestionado directamente pola Xunta.

A Comisión por 5 votos a favor (4 do BNG e 1 do PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente a ratificación do devandito acordo e propor ao Pleno a súa aprobación."

Comeza o debate, a Sra. Nieto García poñendo de manifesto que o grupo popular ía votar en contra porque lle parece insuficiente a partida de emerxencia social en comparación co Plan de Desenvolvemento Xitano e por outra parte solicitaron que se incluíse no anexo de subvencións ao

Club de Leones xa que é unha asociación sen ánimo de lucro e dá de comer a quen o necesita.

A Sra. Besada Lores di que na partida de emerxencia social este ano duplicouse a aportación municipal, xa que ascende a 8000 €.

O Sr. Alcalde di que a asociación, efectivamente non se recollleu nos anexos de subvencións. O ano pasado colaboramos con eles coa aportación dunha cesta de nadal.

Con respecto aos programas do Plan concertado acollémonos ao Plan de desenvolvemento xitano como a outros plans que existen dentro do Plan Concertado.

Rematado o turno de intervencións, en cumprimento do sinalado no art. 11.1.1.a) da Orde de 1 de abril de 2009, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, o Pleno da Corporación da por realizado o trámite, acordando remitir a oportuna certificación á consellería competente para o seu coñecemento e incorporación ao correspondente expediente.

3249.- INFORME DE REPARO A DIVERSAS FACTURAS SEN EXISTIR CRÉDITO PARA A SÚA APROBACIÓN.- Pola Secretaria dáse conta do ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de maio de 2009 e que di o que segue: "Pola interventora dáse conta á comisión do informe de reparo sobre facturas de investimentos correspondentes ao capítulo IV do estado de gastos contraídas sen existir crédito orzamentario para a súa aprobación, emitido pola intervención municipal con data 15 de maio de 2009, onde se pon de manifesto a existencia de facturas presentadas no Concello durante os meses de abril e maio, que son as que se relacionan no anexo que forma parte do devandito expediente e que ascenden a un total de 113.770,67 € e que en virtude do artigo 217.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladoa das facendas locais, corresponderá ao pleno resolver as discrepancias plantexadas con relación as facturas mencionadas existindo crédito suficiente no orzamento para o exercicio do 2009 para proceder a aprobación das mesmas unha vez aprobado definitivamente este e concertado o préstamo que servirá para financiar as mesmas.

A continuación a Inrterventora Municipal, D^a. Olga Fernández Rodríguez explica que se trata de gastos de investimentos por importe de 113.770,67 € que entraron antes de aprobar o orzamento do ano 2009 e formalizar o crédito que servirá para financiarlos, trátase de un informe de reparo pero que todas as facturas teñen cabida no orzamento do 2009.

Sometido a votación o levantamento do reparo das facturas

que forman parte do anexo que consta no expediente, informouse favorablemente por 5 votos a favor (4 do BNG e 1 PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións (PP) e propor ao pleno a súa aprobación."

Comeza o debate o Sr. Barreiro Lubián manifestando que se trata de facturas do ano 2009 e co retraso que sufriu o orzamento necesitábase levantar o reparo por realizar o gasto con anterioridade.

A Sra. Nieto García di que o grupo do Partido Popular vai votar en contra xa que debido a unha nefasta planificación económica fainos estar en pleno do mes de maio sen orzamentos para o ano.

Isto leva consigo que presenten facturas sen crédito que desde logo o Partido Popular non está disposto a apoiar pola súa incompetencia de gobernar. Cos estes 113770.63 € que nos presentan hoxe, xa suman no que vai de ano máis de 257000€, es dicir máis de 42 millóns das antigas pesetas, xa que no pleno do 31 de marzo trouxeron facturas extraxudiciais por importe de 46757,98€ entre os que ademais había algunha factura como saben sin pagar do ano 2005, 2006 e 2007. Nos orzamentos deste ano incorporaron outras facturas sen crédito por importe de 96000,00 €. E agora con estes 113770,67 € son as que suman máis de 257000 €. Desde o partido popular votamos por todo isto en contra da aprobación de ditas facturas sen o seu correspondente crédito.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que non se trata de planificar, senón de determinar se esperabamos 2 o 3 meses para facer o gasto. Ou tamén podemos dicir ao acreedor que presentara a factura en maio ou xuño.

A Sra. Besada Lores di que o que podíamos é estar sen facer nada medio ano para que a metade de obras queden sen facer e non se poida executar o orzamento.

As cantidades están previstas no orzamento.

Unha vez rematado o debate procédese á votación do asunto o que a corporación por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE) , 6 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou aprobar o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o levantamento do reparo do informe da intervención de data 15 de maio de 2009.

Segundo: Proceder ao recoñecemento do gasto que ascende a un total de 113.770,67 € e que se proceda ao seu pagamento, de conformidade co informe da intervención municipal e que consta no expediente.

3250.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN BONIFICACIÓN NAS COTAS DO

ICIO A FAVOR DE D^a. DOLORES PENAS RIAL CORRESPONDENTE AOS EXPEDIENTE 68/09 E 182/08 POR VIVENDAS UNIFAMILIARES NO LUGAR DE PRAZA DO PEIRAO DA CHOUSA, 3.- Pola Secretaria dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de maio de 2009 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta á comisión dos expediente de solicitudes de bonificación nas cotas do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras presentadas por D^a. Dolores Penas Rial en virtude dos expedientes de urbanismo 68/09 e 182/08 relativos á demolición de vivenda e alboios e á nova construción de vivenda unifamiliar en Praza Peirao da Chousa núm. 3 de Combarro.

Consta no expediente informe da interventora municipal de data 18 de maio de 2009 favorable da concesión da bonificación de ata o 95% nas cotas do ICIO debendo o Pleno determinar a porcentaxe a aplicar segundo os criterios que estimen convenientes en caso de ser concedida a licenza polo órgano competente.

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao pleno a aprobación da bonificación correspondente ao 95% da cotas no ICIO dos expedientes de urbanismo 68/09 e 182/08."

Non subscintándose debate ningún a corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a bonificación do 95 % da cota do ICIO dos expedientes de urbanismo num. 68/09 e 182/09 por vivendas unifamiliares en Praza Peirao da Chousa, 3.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á interesada comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo

43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3251.- SOLICITUDE DE APOIO Á MARCHA CONTRA CELULOSAS A REALIZAR O PRÓXIMO 13/06/2009, DE ASOCIACIÓN DA DEFENSA DA RÍA.- Pola Secretaria dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de maio de 2009 e que di o que segue: "Polo Sr. Presidente da Comisión dáse conta do escrito de data 30 de abril de 2009, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 7 de maio de 2009, num. de entrada 2322, asinado por D.Antón Masa en calidade de Presidente da Asociación pola Defensa da Ría no que solicita o apoio expreso e público á nova marcha contra celulosas o vindeiro día 13 de xuño de 2009 e que se adopte o seguinte acordo: "O Concello de Poio consciente da problemática ambiental, social e económica que provoca a presenza do complexo de Celulosas-Elnosa no seu acutal emprazamento, expresa o seu apoio á "marcha Contra Celulosas" convocada pola Asociación pola Defensa da Ría para o sábado 13 de xuño e chama a poboación deste Concello a participar activamente nesta mobilización reivindicativa."

A Comisión por unanimidade acordou que se pase á consideración do pleno para o seu debate."

Comeza a deliberación o Sr. Barreiro Lubián o que expón que se trata da reivindicación de que celulosas está mal ubicada e debe saír do lugar o antes posible e algo que moitos veciños veñen facendo desde hai moitos anos, e a asociación pola Defensa da Ría que ven realizando todos os anos esta marcha e pide apoio e colaboración, o concello está en disposición de apoialos.

A Sra. Besada Lores di que consideran que non é a ubicación máis idónea, entendemos que a fábrica debe ser trasladada de ahí e apoiamos a marcha.

O Sr. Villaverde Méndez di que o Sr. Barreiro o plantexou moi grave con respecto a outros anos, e os veciños da comarca nunca defenderon o peche nin nada porque alí segue medrando a ameixa impresionante. Outra cousa é que esté mal ubicada porque van pasando os anos e cada vez vese mal ubicada. Hai que pensar tamén nos traballadores que hai ahí e temos que buscarlle unha solución porque hai que defender os postos de

traballo.

O Sr. Alcalde di que outros grupos hai pouco non se atrevían a falar do traslado e agora xa o voso grupo empeza a falar de traslado, é curiosa a evolución.

A Sra. Nieto García explica que non apoian a marcha porque o lema é "peche xa" entendemos que debe buscarse unha alternativa para reuviar esta empresa e imos votar en contra.

O Sr. Barreiro Lubián di que a instalación de agora non é adecuada nin o foi nunca. Vos non ides as manifestacións pero xente de Poio que si asiste incluso van con barcos e chalanas desde Combarro e Campelo.

Nos temos as cousas claras pero o PP non o tiña tan claro cando pretendeu perpetuar a Elnosa nese sitio, o Concello de Pontevedra estivo dacordo cando a Xunta quixo fixar a ubicación definitiva para sempre.

Os postos de traballo son 400 directos e non 4000 como dicides. E sobre que cada vez é peor a ubicación entendemos que a situación era bastante peor hai 25 anos que agora.

A preocupación fundamental é que celulosas fai dano á Ría de Pontevedra.

O Sr. Agís Gómez di que o sentir dos veciños de Poio que hai que sacala de alí. Para Poio é un escaparate lamentable, sen contar cos problemas ambientais. Hai que respectar os postos de traballo e intentar que o investimentos quede en Galicia.

A Sra. Nieto García di que durante os catro anos que estiveron na Xunta, non fixeron nada para conservar eses postos de traballo e non podemos apoiar o lema de Peche xa, porque esa asociación nunca pediu o traslado, agora que vos lle cambiedes o sentido é outra cousa.

O Sr. Barreiro Lubián di que primeiro hai que ter en conta que esa industria foi creada para estar ahí un ano polo tanto xa está totalmente amortizada e se mirades o accionariado desa empresa como se moveu igual chegades a unhas cantas conclusións.

Sometido a votación ordinaria o asunto este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: O Concello de Poio consciente da problemática ambiental, social e económica que provoca a presenza do complexo de Celulosas-Elnosa no seu actual emprazamento, expresa o seu apoio á "marcha Contra Celulosas" convocada pola Asociación pola Defensa da Ría para o sábado 13 de xuño e chama a poboación deste Concello a participar activamente nesta mobilización reivindicativa.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Asociación pola Defensa da Ría con indicación de que que contra o mesmo poden, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascuro do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3252.- URBANISMO, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE RETIRADA DO INMOBLE PISO PILOTO E OFICINA DE VENTA DE URBIS E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO.- Pola Secretaria dáse conta do escrito de data 27/04/2009 presentado polo grupo municipal do PP, e con data de entrada no Rexistro Xeral de Poio o 29/04/2009, núm. 2172 no que solicita a adopción do seguinte acordo: "1. A demolición do piso piloto e oficina de ventas de Urbis por ocasionar un gran impacto na zona e non ter valor arquitectónico. 2. A recuperación da zona verde e espazo público que ocupa dicha ubicación. 3. A ubicación das dependencias da policía local nun dos edificios da Finca González Besada".

O expediente foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 12 de maio de 2009.

Comeza o debate, a Sra. Nieto García expoñendo os motivos da moción e procede a dar lectura á mesma.

O Sr. Barreiro Lubián di que efectivamente ese edificio construído por Urbis para realizar ventas, e neste momento

están rematadas as obras pero teñen outras obras pendentes de ventos polos arredores, estamos poñéndonos en contacto con urbis para ter unha reunión e neste momento non temos claro cal é a postura da empresa porque se lle ven reclamando a execución de varias cousas pendentes e ata agora aínda non as fixeron.

O Sr. Piñeiro Murillo di que se fixeran unha doazón gratuita ao Concello incrementaría o patrimonio. A nós séguenos parecendo que é un sitio idóneo para ter a Policía. Vexo a moción moi pobre para defendela.

O Sr. Domínguez Álvarez di que Urbis coa cesión fai unha operación estupenda porque derrubala custa ao mellor o dobre do que costa construír a casa, polo que o seu (referíndose ao Sr. Piñeiro) é un argumento pobre porque encubre o gasto que vai facer urbis.

O Sr. Villaverde Méndez di que nos temos unha moción na que pedimos que esa casa se derrube e pase a ser zona verde do concello e vos queredes demostrarnos que pode ter unha rentabilidade.

A Sra. Besada Lores contesta con respecto á zona verde, esa zona non está falta dese tipo de zonas, e nos entendemos que sería un despilfarro non aproveitar esa casa. Falades da Casa González Besada e na cocherira solo collen os coches.

O Sr. Barreiro Lubián di que Urbis ten unhas obrigas e non sei se sabedes cal é a situación desa empresa. Nos levamos desde novembro intentando contactar, eu creo que é precipitado todo e non é o momento de aprobar a moción.

A Sra. Nieto García di que ao grupo do PP lle parece perder un espazo público e votamos a favor da moción.

O Sr. Alcalde da lectura ás condicións previstas na Ordenanza 10 do PXOM ás que se axustará o uso e mantemento de zonas verdes en canto a altura e ocupación así como a algunhas das edificacións competibles con zona verde previstas na propia ordenanza. Sinala ademais que entende que a mellor ubicación para policía local é a casa piloto e non a finca de González Besada xa que esta non ten case aparcamento e a accesibilidade sería peor que Ferreirós pero nos sempre pensamos que a ubicación idónea para a policía é A Seca. Sobre o impacto se se retira a publicidade e se prepara as fachadas o impacto sería escaso e ademais os veciños poderían dispor dun local de reunións xa que as veces pídesse Ferreirós para reunirse.

Sometido a votación a moción do Grupo Municipal do Partido Popular sobre, ésta quedou denegada por 6 votos a favor do PP, 10 votos en contra (7 do BNG e 3 do PSOE) e ningunha abstención.

3253.- BENESTAR SOCIAL, APROBACIÓN CONSTITUCIÓN MESA LOCAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE POIO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e da proposta da Concelleira de Igualdade sobre a constitución da Mesa Local de Violencia de Xénero como acción da consecución dos obxectivos do I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Poio, dentro das que estaba "Crear unha Comisión Permanente adicada ao estudo dos casos de violencia de xénero". O principal obxectivo da Mesa é a coordinación entre os diferentes Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e a Policía Local, en conxunto co resto dos servizos municipais que prestan atención e asistencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A Mesa quedaría composta polos seguintes membros: Alcalde ou persoa en quen delegue; Concelleira de Igualdade ou persoa en que delegue; Concelleiro/a de Seguridade Cidadá ou persoa en quen delegue; Avogada do CIM; Psicóloga do CIM; Cabo Xefe da Policía Local de Poio ou persoa en quen delegue; Traballadora Social dos Servizos Sociais en Poio; Un/ha representante da Subdelegación do Goberno (Xefa da Unidade contra a violencia de Xénero); Representacións dos Corpos de Seguridade do Concello; Secretaria Xeral ou persoal en quen delegue. Así mesmo quedará aberta a outras concellerías e a outras institucións, que pola súa implicación no tema sexa conveniente incluílas.

O asunto foi sometido á consideración do Consello Municipal da Muller na súa reunión realizada o 20 de maio de 2009 e informado favorablemente a súa creación.

A Sra. Celeste Nieto García solicita que se rectifique a proposta e onde pon Concelleira de Igualdade debe dicir Concelleiro/a en Igualdade.

Sometida a votación ordinaria a proposta da Concelleira de Igualdade coa rectificación exposta pola Concelleira Nieto García esta quedou aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dazasete o seu número legal de membros.

MOCIÓNS URGENTES.- Preséntanse as que seguen:

3254.- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS 2009.- NESTE MOMENTO AUSÉNTASE DO SALÓN O CONCELLEIRO D. FRANCISCO PIÑEIRO MURILLO. Ao abeiro do disposto no artigo 91.4 do RD 2168/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do réxime xurídico das entidades locais e por 9 votos a favor (6 do BNG e 3 do PSOE), 6 votos en contra do PP e unha abstención, o que supón a maioría absoluta dos membros da corporación.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN O CONCELLEIRO D. FRANCISCO

PIÑEIRO MURILLO.

Dáse conta do expediente tramitado co motivo da contratación dun préstamo para o financiamento dos investimentos que se recollen no orzamento correspondente ao ano 2009, así como da acta da Mesa de Contratación realizada o 14 de maio, onde se procedeu a apertura das ofertas presentadas co seguinte resultado: "A Secretaria da conta do expediente e das catro propostas de préstamo por importe de 1.265.000 €, presentadas por entidades bancarias que, por orde de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio, son as seguintes: 1ª) "la Caixa", que tivo entrada no Rexistro Xeral o día 7 de maio de 2009. 2ª) CAIXAGALICIA, que tivo entrada no Rexistro Xeral o día 13 de maio de 2009. 3ª) BBVA, que tivo entrada no Rexistro Xeral o día 13 de maio de 2009 e 4ª) CAIXANOVA, que tivo entrada no Rexistro Xeral o día 13 de maio de 2009.

Acto seguido o Presidente da Comisión procede á apertura dos catro sobres polo orden anteriormente citado, sendo a Secretaria a que, a viva voz, fai lectura das propostas e que son as seguintes:

1ª) La Caixa: presenta unha oferta coas seguintes condicións:

Importe: 1.265.000€

Duración da operación: 20 anos

Prazo de amortización: 18 anos (72 dúas cuotas trimestrais)

Carencia: 2 anos

Tipo de interés: Euríbor a 12 meses mais un diferencial do 2% (sen máximo nin mínimo).

Comisións: exentas.

Se pon de manifesto que na oferta da entidade bancaria se expón que as condicións da oferta estarán *subordinadas a preceptiva autorización do riesgo por o Comité de Créditos de La Caixa* co cal se produce unha certa indefinición en canto a si a entidade estaría disposta a realizar a sinatura do contrato de préstamo en caso de ser adxudicataria do mesmo.

2ª) Caixa Galicia: presenta unha oferta coas seguintes condicións:

Importe: 1.265.000,00€

Período de disposición: ata o 30 de xuño de 2011 en unha ou varias disposicións.

Duración da operación: 18 anos (ata o 30 de marzo de 2027) incluídos dous anos de carencia.

Liquidación de intereses: trimestral

Tipo de interés: Euríbor a doce meses incrementado mais un diferencial do 1,75. O Euribór será revisable e liquidable trimestralmente.

Comisións e gastos: non existirán.

3ª) Banco Bilbao Vizcaya: presentan duas ofertas, unha cun tipo de interés fixo e outra cun tipo de interese variable.

Tipo interés fixo:

Importe: 1.265.000,00€

Duración da operación: 20 anos

Prazo de amortización: 18 anos (72 duas cuotas trimestrais)

Carencia: 2 anos

Liquidación de intereses: trimestral

Tipo de interés fixo: 5,70%

Comisión de apertura: 0

Comisión de amortización e cancelación anticipada: existe un "coste de mercado" que pode supoñer unha perda ou ganancia para o Concello.

Comisión de estudio: 0

Comisión de disponibilidad: 0

Tipo de interés variable:

Importe: 1.265.000,00€

Duración da operación: 20 anos

Prazo de amortización: 18 anos (72 duas cuotas trimestrais)

Carencia: 2 anos

Liquidación de intereses: trimestral

Tipo de interés: Euríbor anual mais 1,74%.

Comisión de apertura: 0

Comisión de amortización e cancelación anticipada: 0

Comisión de estudio: 0

Comisión de disponibilidad: 0

4ª) Caixanova: presenta unha oferta coas seguintes condicións:

Importe: 1.265.000,00€

Duración da operación: 20 anos

Carencia: 2 anos

Liquidación de intereses: trimestral

Amortización: trimestral

Tipo de interés: Euríbor a un ano incrementado en 2,25 puntos.

Revisión: anual

Comisións: exento

A Comisión acorda que pasen as catro propostas presentadas a informe da intervención municipal para a emisión do correspondente informe"

Dándose conta igualmente do informe emitido pola interventora xeral de data 15 de maio de 2009, no que fai un amplo estudo das ofertas presentadas polas entidades financeiras no que se informa que a oferta máis vantaxosa é a presentada polo Banco Bilbao Vizcaya que establece un tipo de interese euríbor anual máis un diferencial de 1,74 %.

Con data 25 de maio de 2009 a Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emite o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente e do informe da Interventora Municipal de data 15 de maio de 2009 no que tras un amplo estudo das ofertas presentadas polas entidades financeiras manifesta que a oferta máis ventaxosa é a presentada polo Banco Bilbao Vizcaya que establece como tipo de interese euríbor anual mais un diferencial de 1,74%.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto adheríndose ao informe da Intervención municipal e propor ao Pleno a súa aprobación".

Comeza o debate o Concelleiro Barreiro Lubián explicando que se pide un préstamo para realizar os investimentos previstos no orzamento presentáronse catro ofertas e a máis ventaxosa e a do BBV.

A Sra. Nieto García manifesta que o grupo do PP posiciónase en contra xa que somos un dos concellos máis empeñados, dito polo Banco de España, iso non é bo.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que economicamente o préstamo é interesante, non imos a esperar a que estean a un 10%. Este préstamo pídesse para financiar investimentos necesarios polo concello e consideramos que o feito de que se poidan ir adiantando determinados investimentos entra dentro da norma.

O PP estivo en contra desde sempre e votou sempre en contra por sistema.

A Sra. Nieto García di que é paradóxico que se presente un plan económico de saneamento e despois se incumpra.

O Sr. Barreiro Lubián di que todos sabemos en que consiste un plan económico, e aquí hai que pensar dúas cousas se os investimentos se acometen ou se se pospoñen.

Nos aquí o que facemos e usar os mecanismos existentes e que están regulados.

A Sra. Besada Lores di que votarán a favor porque aos veciños hai que darlles servizos e de momento non se pode facer doutra maneira. De todas as formas, estase a facer un esforzo importante á hora de pedir os préstamos xa que se intenta rebaixar o importe.

Rematado o debate, de conformidade coa informe emitido pola Intervención, sometido o expediente a votación ordinaria, de conformidade co estipulado nos arts. 48 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por dez votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), e por tanto, maioría

absoluta do número legal de membros da corporación e seis votos en contra (6 PP, o Pleno acordou:

Primeiro.- Concertar unha operación de crédito a longo prazo coa entidade financeira Banco Bilbao Vizcaya (Tipo de interese variable) nas seguintes condicións: Importe: 1.265.000 €, Duración da operación: 20 anos; prazo de amortización: 18 anos (72 cotas trimestrais); carencia: 2 anos; liquidación de intereses: trimestral; tipo de interese: Euribor a un ano incrementando en 1,74% puntos; estando exenta en comisión de apertura, comisión de amortización e cancelación anticipada, comisión de estudo e comisión de disponibilidad.

Debendo formalizarse diante da Secretaria do Concello, facultándose ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

Segundo.- Dar conta do presente acordo a entidade adxudicataria así como as restantes participantes no expediente con indicación de que que contra o mesmo poden, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3255.- PROCEDEMENTO ORDINARIO 123/2009-CC, MARIA DOLORES ABOAL NUÑEZ E OUTRA CONTRA O CONCELLO DE POIO.- Ao abeiro do disposto no artigo 91.4 do RD 2168/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do réxime xurídico das entidades locais e pola

maioría requirida no artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, polo voto favorable dos dazaseis membros presentes sendo dazasete ou seu número legal de membros, dáse conta da entrada con data 18 de maio de 2009, número de rexistro 2551, de escrito do Xulgado Contencioso - Administrativo Núm. 1 de Pontevedra polo que, de conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, requírese a remisión de expediente administrativo.

Dito procedemento trae causa do escrito de interposición de recurso contencioso - administrativo formulado por D^a. Dolores Aboal Nuñez e outra, contra acordo num. 3199 adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión realizada o 30/12/2008.

Con data 26 de maio de 2009, pola Comisión Informativa de Urbanismo emitiuse informe favorable ao expediente e acordouse propor ao pleno que compareza e se persoe en dito recurso en concepto de entidade demandada, facultando ao Sr. Alcalde para designar avogado que defenda ao Concello neste recurso que actuará a través de calquera dos procuradores que consten no poder xeral de preitos outorgado no seu día.

Non subscitándose debate ningún e existindo unha identidade no obxecto de reclamación así como sendo necesario para a defensa dos intereses municipais O Pleno por unanimidade e en virtude do disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local, **acordou:**

Primeiro: Persoarse no procedemento contencioso - administrativo a que dea lugar a presentación do escrito de interposición de recurso presentado por D^a. Dolores Aboal Nuñez e Outra contra acordo do Pleno num. 3199 do 30 de decembro de 2008 obxecto do procedemento ordinario 123/09-CC.

Segundo: A proposta do Sr. Alcalde. encomendar a asistencia letrada no indicado procedemento a D. Domingo Estarque Vila e a representación en calquera dos procuradores con poder outorgado ao efecto.

Terceiro: Dar cumprimento ao establecido no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en orde á remisión do expediente administrativo e a notificación de tal remisión a cantos interesados existan no mesmo

3256.-COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DA CONCELLEIRA DE VÍAS E OBRAS SOLICITADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- Pola secretaria dáse conta do escrito de data 21 de maio de 2009, presentado polo Grupo do Partido Popular no Rexistro Xeral o mesmo día con número de entrada 2618 no que se solicita a comparecencia do Sr. Alcalde e da Concelleira de Vías e Obras para informar sobre os seguintes temas:

"-¿Cómo es posible que la única partida destinada específicamente para Poio en los presupuestos generales del Estado del 2008, como eran 400.000 euros para la recuperación y acondicionamiento de A Barca, no se ejecutó ni gastó?

- ¿Qué gestiones se realizaron desde la Alcaldía de Poio desde la Concejalía de Vías e Obras para que esta partida no se perdiese".

Acordándose a comparecencia polo Pleno da Corporación comeza a Sra. Besada Lores dicindo que no ano 2008 estívoise en Costas en Madrid preguntando por esa cantidade, que estaba prevista pero non quere dicir que se execute nese ano, era para a execución do proxecto paseo de Lourido-A Barca que agora se está redactando que custa máis de 400.000€ así como o proxecto desde a Seca ata Campelo e como comprenderedes é unha partida simbólica que teñen que completar para realizar a obra.

A Sra. Nieto García di que se podería aproveitar eses cartos e non deixalos ahí para o ano 2009.

Aclarando o Sr. Agís Gómez que ademais a partida non é nosa e non podemos gastala.

O Sr. Alcalde comeza a comparecencia dicindo que efectivamente non son fondos do Concello e nos non o podemos gastar. Moitas veces solicitamos a recuperación do espazo da Barca, a nos interézanos dar continuidade ao paseo de Lourido ata a Barca, e cremos que será unha obra moi interesante porque as outras obras estanse a executar.

NESTE MOMENTO AUSÉNTASE DO SALÓN A CONCELEIRA D^a. IRENE LIGERO IGLESIAS.

O Sr. Moldes Martínez engade que nos programas electorais do BNG+PSOE aparecían distintos proxectos e agora din que non depende do Concello, o que non se pode facer é enganar á xente, por exemplo, as obras que se están executando non foran financiadas a través do FEIL íanse facer?.

O Sr. Barreiro Lubián di que hai cousas que son factibles e outras non, e se realmente hai planificación acaba saíndo (como alumados, pavimentación, ...) e senón existe o FEIL habería máis préstamos e menos zonas verdes pero desde logo si se acometerían. Elabórase un programa electoral cunhas necesidades que deben ser ambiciosos e ao final pouco a pouco se van facendo como a Área Arquelóxica dos Petroglifos da Caeira.

O Sr. Agís Gómez di que Colón, Ancar... son proxectos complexos que dependen de distintas administracións (autorizacións, licenzas, tramiacións...) e por outra parte de non existir o FEIL, existiría outra forma de financiamento.

O Sr. Villaverde Méndez di que na Seca por este goberno si que se fixo algo, pero chama a atención que non se digan as actuacións que se fixeron por gobernos anteriores (explanada..) polo que soamente se debe presumir do feito en superficie pero non de toda a actuación.

A Sra. Besada Lores di que lle sorprende a interese do Sr. Moldes Martínez xa que os programas son intencións de facer pero tamén se fan outras moitas cousas que non están no programa.

O Sr. Moldes Martínez di que a oposición ten que facer sempre ese papel e o seu compromiso cos veciños é total. Fai falta un cambio, unha planificación e mellora para todos, tamén programa é unha planificación.

Hai que ser coherentes e ter iniciativas, non soamente copiar o dos demais, e por iso como veciño pido un "cambio de marcha" sen dúbidas.

O Sr. Barreiro Lubián di que hai que xestionar e non se necesita un cambio de marcha. Respecto ao que dicía o Sr. Villaverde Méndez, ata tres proxectos (como o recheo da Reiboia), son verdadeiros desastres ecolóxicos, unha barbaridade) como para estar orgullosos, o que se fixo por arriba foi disfrazar o que se realizou antes.

NESTE MOMENTO AUSÉNTASE DO SALÓN DE SESIÓNS A CONCELLEIRA SRA. BESADA LORES.

O Sr. Villaverde Méndez manifesta que el non dixo que estivera orgulloso senón que non o fixo o goberno do PSOE BNG e agradácelle ao Sr. Alcalde que unha comparecencia acabe con un cambio de impresións entre todos.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcense as seguintes:

Pola Sra. Nieto García solicita que se inclua no anexo de subvencións nominativas ao Club de Leones e que se realicen os trámites oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.